



CORRELINGUA 2019

NOVEMBRO 2018
BOLETÍN INFORMATIVO



Aberta a inscrición no Correlingua 2019

Xa vos podedes inscribir no Correlingua 2019! En correlingua.gal está dispoñíbel o calendario das festas finais e o formulario de inscrición. Nos primeiros quince días xa se inscribiron 4.000 rapazas e rapaces de 43 centros. E vós? A que esperades? Traballo feito non mete apuro!

Xa podedes consultar as bases e inscribivos nos concursos

Neste curso 2018-19 o Correlingua volve organizar os concursos de **manifesto**, **banda deseñada** e **vídeo**. Poderá participar no manifesto o alumnado de ESO e bacharelato e na BD o de infantil e primaria. O concurso de vídeo contará con dúas categorías, unha para ESO e bacharelato e outra para infantil e primaria. As bases e os formularios de inscrición están dispoñíbeis en correlingua.gal e o prazo de inscrición remata o 1 de febreiro de 2019. Recordade que as propostas deberán centrarse no lema do Correlingua 2019: **o galego é a fórmula**, que reivindica a presenza da nosa lingua en todas as materias do ensino, tamén nas do ámbito científico.

Para coñecer máis o Correlingua podedes atoparnos na nosa web (www.correlingua.gal), nas páxinas de Instagram e Facebook [Correlingua](#) e na canle de Youtube [Correlingua TV](#). Tamén podedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico correlingua@gmail.com e correlingua@correlingua.gal